



Resolución da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Investigación pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador pendente de avaliación contratado polas universidades do SUG e polas demais entidades indicadas no artigo 1 da Orde do 18 de febreiro de 2016, correspondente á convocatoria das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade A, para o ano 2016.

A Orde do 18 de febreiro de 2016 (DOG núm. 44, do 4 de marzo de 2016), establece as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i. O anexo I da citada orde está dedicado a regular a modalidade A destas axudas e establece no seu artigo 6 que ao finalizar o contrato as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida.

De acordo co Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, correspóndelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuir á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, seguindo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

De acordo co Decreto 135/2017, do 28 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria e co Decreto 50/2012, de 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, correspóndelle á Axencia Galega de Innovación (Gain) definir e desenvolver políticas públicas dirixidas á captación e xestión do talento que permitan, no seu conxunto, incrementar o rendemento innovador das empresas e do Sistema Galego de Innovación.

Co fin de harmonizar o exercicio das competencias que en materia de I+D+i teñen atribuídas a Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e a Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, e na procura de sinerxías, considérase de interese a realización de convocatorias conxuntas que axuden a consolidar un sistema de I+D+i suficientemente sólido como para garantir o desenvolvemento social e a competitividade económica.

A avaliación das persoas contratadas ao abeiro da Orde do 18 de febreiro de 2016 foi iniciada pola Instrución 1/2019, da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Innovación, e o resultado foi recollido na Resolución do 1 de agosto de 2019. Porén, hai persoas investigadoras que non foron sometidas a avaliación nese momento por non ter finalizado o contrato debido a baixas e permisos de maternidade, polo que se deu comezo ao seu proceso de avaliación a través da Instrución 1/2020, do 8 de maio, da Secretaría Xeral de Universidades e da Axencia Galega de Investigación.

Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe das persoas expertas, a Secretaría Xeral de Universidades e a Gain,

RESOLVEN:

Comunicar o resultado da avaliación do rendemento das seguintes investigadoras:

Nº exp.	Entidade	1º Apelido	2 Apelido	Nome	DNI	Resultado avaliación
ED481B 2016/024	UVigo	Alonso	Alonso	María	*****59P	Positiva
ED481B 2016/078	USC	Cid	Fernández	Susana	*****54X	Positiva
ED481B 2016/189	UVigo	Viana	González	Inés	*****72B	Positiva





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
Secretaría Xeral de Universidades



Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela (data/sinatura dixital)

O secretario xeral de Universidades

José Alberto Díez de Castro

A directora da Axencia Galega de Innovación

Patricia Argerey Vilar

